



Consellos sobre un correcto ensilado de millo

Chega a hora de ensilar e, aínda que todos sabemos como debemos facelo, moitas veces as nosas présas, as do maquinista, o tempo, non ser o último do lugar etc. provocan que non o levemos a cabo no mellor momento. Por iso, creo que é bo lembrar os puntos clave para tentar ter o mellor silo posible. Neles poñemos o foco nas seguintes páxinas.

Gustavo García Riveiro

Xefe rexional Cornixa e Portugal Limagrain Ibérica

INTRODUCIÓN

Despois do ano pasado, que dende o punto meteorolóxico foi moi complicado, coa chegada de dúas fortes borrascas, Aitor e Kirk, a finais de setembro e comezos de outubro, as cales dificultaron moito a colleita e causaron grandes perdas, agora podemos ter medo e anticipar a colleita máis do debido.

Picar no momento axeitado e realizar un bo silo son claves para ter unha boa forraxe o resto do ano. Despois de varios meses de cultivo, a colleita é unha fase fundamental para a calidade da forraxe, pois nun día decidimos cales van ser as calidades do noso ensilado para o resto do ano; daquela, é unha decisión a ter

moi en conta e igualmente facer todo o necesario para conservar o mellor posible esa forraxe picada.

O MOMENTO DA COLLEITA

Agora xa pouco podemos facer por mellorar a forraxe no campo (agás as zonas de regadío que aínda podemos seguir regando), así que, despois de elixir a mellor variedade para a nosa zona e coidala durante meses, nos toca gardar esta comida.

O obxectivo non é ter a maior cantidade de kg/ha ou de amidón, senón que a nosa meta debería ser conseguir a máxima cantidade de leite por hectárea posible e, para iso, debemos picar no momento óptimo.

Co fin de que se poida garantir unha boa conservación do silo e unha forraxe de alta calidade, no millo forraxeiro a meta é obter unha materia seca de entre o 32 e o 35 %: desde o punto de vista técnico este é o mellor momento. No entanto, a miña recomendación é valorar co nutrólogo que nos xestiona a ración cal sería o ideal para a nosa gandería en función do resto dos compoñentes de forraxe na ración que teñamos: só silo de millo, palla, silo de herba... Pode ser máis interesante ou menos buscar algo máis de materia seca ou algo máis de amidón; persoalmente, prefiro silos con algo menos de materia seca (30-32 %) que moi alta (38-40 %) —normalmente,



► O QUE REALMENTE NOS INTERESA É CONSEGUIR A MAIOR CAPACIDADE DE PRODUCIR LEITE POR HECTÁREA CO MILLO OBTIDO; POR ISO É PRIMORDIAL CULTIVALO NESTE PUNTO (32-35 % MS), XA QUE É ONDE OBTEREMOS A MAIOR RENDIBILIDADE

a inxestión e conservación adoitan ser mellores, así como o seu resultado en leite—, pero cada gandería é diferente e quen mellor a coñece son o gandeiro e o seu nutrólogo; por iso, é importante coñecer ese punto ideal de cada gandería co fin de tentar achegarnos a ese obxectivo na recolección.

O momento no que o millo presenta unha maior dixestibilidade de fibras é cando a planta ten unha materia seca do 27 %, pero ensilar neste momento produce moitas perdas por lixiviación, polo que o rendemento en materia seca/ha e enerxía aínda non é o óptimo.

VARIACIÓN DA DIXESTIBILIDADE DAS DIFERENTES PARTES DA PLANTA EN FUNCIÓN DA MATERIA SECA


Se superamos o 35 % de materia seca, os niveis de amidón aumentarán lixeiramente, pero a dixestibilidade da fibra baixa de forma considerable. Ao tempo, é máis difícil conseguir unha boa compactación no silo, co que se incrementa a cantidade de osíxeno e, por tanto, as perdas por fermentacións non desexadas, o que levará un peor manexo da fronte no momento de desensilar.

Algo que hai que ter en conta é que, se cultivamos cunha maior porcentaxe de materia seca, aumentamos o contido de amidón do ensilado, pero a dixestibilidade do amidón diminúe tamén a medida que crece a materia seca, polo que realmente o amidón aproveitábel non aumenta de forma significativa a partir do 32-35 % de MS.

VARIACIÓN DA DIXESTIBILIDADE DO AMIDÓN EN FUNCIÓN DA MADUREZ


O que realmente nos interesa é **conseguir a maior capacidade de producir leite por hectárea co millo obtido**; por iso é primordial cultiva-

Gráfico 1. Variación da dixestibilidade nas diferentes partes da planta en función da materia seca



Fonte: Struik, 1983

Gráfico 2. Variación da dixestibilidade do amidón en función da madurez



Fonte: Sniffen e col., 2009

lo neste punto (32-35 % MS), xa que **é onde obteremos a maior rendibilidade**.

OBSERVACIÓN DOS GRANS

A observación da planta enteira non sempre é suficiente, a que nas variedades cun bo *stay-green* a evolución do gran acaba a materia seca adecuada sen que se vexa na planta. As follas seguen moi verdes, mentres que a taxa óptima de materia seca da planta enteira xa se logrou. O efecto enganoso da vexetación pode provocar unha recolección cunha taxa de materia seca moi alta.

Para evitar isto, ademais do estado vexetativo da planta, temos que observar atentamente a evolución do enchido do gran na mazaroca para así poder predicir con maior probabilidade unha colleita no momento óptimo.

Para conseguir esa porcentaxe de materia seca desexada, a liña de enchido do gran debería estar entre ½ e ¾ da liña de leite. Hanse partir varias mazarocas pola metade e ver como está esa liña de enchido, e é

importante coller as que representen o estado xeral da parcela (non coller a primeira do bordo, onde estea mellor ou onde estea máis seco).

Temos que ver o *stay-green* xeral da planta e, se debido ás condicións climáticas ou do terreo, as plantas comezan a secar, ás veces cómpre cultivar antes de alcanzar esa porcentaxe de enchido do gran, xa que corremos o risco de ter moita materia seca no silo. Cunha difícil compactación e con esa planta en estado semisecho tampouco alcanzaremos o obxectivo de amidón desexado.

Hoxe en día, para buscar o momento óptimo de picado, existen tecnoloxías que nos poden axudar moito. Estas combinan a integral térmica do millo sementado cos datos climáticos de estacións próximas e imaxes de satélite con datos NDVI das nosas parcelas, e dannos un rango de materia seca moi aproximado e unha previsión de colleita moi acertada, coma é o caso de Agrility Harvest, o que axuda moito ás visitas de gandeiros e dos técnicos para aumentar a eficacia e poder tomar mellores decisións. ►►

Tu ensilado, ¡infinito!



Inoculantes
para maíz:



RAPID REACT®

Haz que tu ensilado dure más que nunca con el inoculante Rapid React de Pioneer. ¡Esta formulación original te permitirá abrir tu silo en solo 7 días! Las cepas específicas para apertura rápida garantizan la bajada del pH en tan solo una semana, así como la estabilidad del silo tras su apertura, ampliando la vida útil de éste en al menos un 140%.

¡Así podrás tener ensilado de elevada calidad disponible todo el año!

**UN PEQUEÑO CAMBIO.
UN RESULTADO ESPECTACULAR.**

Descubre más ahora en corteva.es